



Concello de  
**OURENSE**

## **35/21.- ACTA ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 19 DE AGOSTO DE 2021**

Na cidade de Ourense, o dezanove de agosto de 2021, sendo as oito horas e trinta minutos (08h:30'), reúnese a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria en primeira convocatoria, na Casa do Concello, cos seguintes asistentes: Excmo. Sr Alcalde-Presidente: **D. Gonzalo Pérez Jácome**. Srs/as. Concelleiros/as: **D. Telmo Manuel Ucha Álvarez, dona Ana María Fernández Morenza, dona Flora Moure Iglesias e don Armando Ojea Bouzo**, que actúa como Concelleiro-Secretario da Xunta, -non asistindo **don Jorge Pumar Tesouro**- -asisten como invitados: A Oficial maior, dona Silvia Alonso Fernández e o Interventor municipal, don Gonzalo Alonso Álvarez- -non asisten o Asesor xurídico, don Juan Ramón Costas Núñez e a letrada, dona Ana Blanco Nespereira-; ao obxecto de examinar os asuntos incluídos na orde do día e seguindo os informes dos pertinentes Servizos municipais, sobre os que se adoptaron os seguintes acordos:

### **APROBACIÓN ACTA**

**1.- Aprobouse** por unanimidade dos asistentes (4 votos a favor) e unha abstención de dona Flora Moure Iglesias, a acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de 12 de agosto de 2021.

### **SERVIZO DE LICENZAS URBANÍSTICAS, DE ACTIVIDADE, APERTURA E DISCIPLINA**

#### **LICENZAS**

**2.- Comunidade de Propietarios, licenza de obra para mellora das condicións de accesibilidade mediante a substitución do ascensor no inmovible sito na Avd. de Zamora, 60. Expte. Sección Licenzas Urbanísticas 2021013532.**

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (5 votos a favor), acordou:

**1.- Conceder** á Comunidade de Propietarios Avenida Zamora, 60; licenza de obra para mellora das condicións de accesibilidade mediante a substitución do ascensor no inmovible sito na Avenida de Zamora, 60 de Ourense, consonte ó proxecto redactado pola arquitecta dona Laura Barja Regueira, que asume a dirección de obra asumindo a dirección de execución o arquitecto técnico don Roberto Salgado Blanco, cun presuposto de 45.985,23 euros, de conformidade co informe técnico de data 07/07/2021 e xurídico de 10/08/2020 que se xuntan a efectos de motivación.

**2.- Requerir** ó solicitante para que unha vez rematadas as obras achegue certificado final de obra de técnico competente no que conste que as obras están completamente terminadas e axustadas á licenza outorgada, e comunique a data a partir da cal poderá xirarse visita de comprobación.

**RÉXIME DE RECURSOS-** Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, pode interpoñer alternativamente recurso de reposición potestativo ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das



Administracións Públicas; ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpoñer vostede calquera outro recurso ou acción que estime procedente.

### **Condições Xerais:**

1.- Conforme ao disposto no artigo 145 da Lei 2/2016, 10 de febreiro, do Solo de Galicia, o prazo de iniciación das obras é de 6 meses contados a partir do día seguinte ó que se reciba o presente documento, non podendo interromperse por tempo posterior a seis meses.

Ase mesmo, o prazo de terminación das obras é de tres anos contados do mesmo xeito que o sinalado no parágrafo anterior.

A administración poderá conceder prórrogas dos referidos prazos, previa solicitude expresa, sempre que a licenza fose conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga non poderá concederse por prazo superior ao inicialmente acordado.

A caducidade da licenza será declarada pola Administración municipal previa tramitación dun procedemento con audiencia ao interesado.

2.- Rematadas as obras e dentro dos oito días seguintes, porao por escrito en coñecemento do Concello, previa retirada das madeiras, estadas e materiais sobrantes para deixar expedito o paso e limpa a rúa, que deberá repoñerse o seu estado anterior ás obras, substituíndo o pavimento deteriorado ou que fose removido.

3.- O Alcalde, por si ou por medio dos técnicos municipais ou da Inspección Municipal de Obras, poderá visitar as obras cando o considere convinte co fin de recoñecer o seu estado de construción e comprobar o cumprimento das condicións en que se concedeu esta licenza.

4.- Durante a execución das obras deberanse observar as seguintes prescricións:

En toda obra de nova planta ou de reforma é preceptiva a colocación de valo a unha altura mínima de 2,00 metros, sendo a distancia ao bordo de 1,00 metro nas beirarrúas que teñan 2 ou máis e de 0,60 nas de menos. Se a rúa non ten beirarrúa, o valo colocarase á aliñación do edificio. Nos sitios onde exista beirarrúa de pedra, executarase a fábrica de ladrillo sobre un apoio ou zócolo non adherido ao pavimento, de xeito que poida demolerse o valo sen dano para a baldosa. A construción poderá ser de ladrillo revestido e branquexado, ou pranchas metálicas entrevigadas. Non se autorizan valos de madeira, aglomerado de madeira, canizos, arpilleiras, etc.

Para o acceso á obra, colocaranse portas de madeira ou metálicas, que abrirán cara a dentro.

Unha vez salvada a planta baixa, será obrigatoria a retirada do valo de protección, debendo substituírse por outra aérea voada, construída de xeito que impida a caída de obxectos á rúa. O seu saínte será o ancho da beirarrúa cun máximo de 2 metros e a súa fronte e costados terán unha altura mínima de dous metros. En cada unha das plantas haberá de colocarse unha rede protectora.

Queda prohibido depositar materiais fóra do valo de protección. A responsabilidade polo incumprimento da obriga a que se refire este apartado esixirase ao contratista das obras e subsidiariamente ao propietario, caso de ser distinto daquel.

Para a carga, descarga, depósito e labrado de materiais e extracción de entullos, aterase ás disposicións das Ordenanzas e da autoridade municipal.



Deberá darse cumprimento ó contemplado no Decreto 352/2002 de 5 de decembro, polo que se regula a produción de residuos de construción e demolición, debendo o produtor de residuos contar coa preceptiva autorización da Consellería de Medio Ambiente.

**3.- D<sup>a</sup> Josefa Pérez Cid e don Luis Pérez Bergantiños, proxecto básico e de execución rehabilitación vivenda sita na rúa Adegas, 6. Expte. Sección Licenzas Urbanísticas 2021020107.**

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (5 votos a favor), acordou:

**1.- Conceder** a dona Josefa Pérez Cid e don Luis Pérez Bergantiños, licenza para proxecto básico e execución rehabilitación vivenda en rúa Adegas, 6 de Ourense, consonte ó proxecto redactado polos arquitectos don Daniel López Ben e don Pablo Noya Suárez, quenes asumen a dirección de obra, asumindo a dirección de execución o arquitecto técnico don José Manuel Lamela González, cun presuposto de execución material de 65.819,25 euros, de conformidade co informe técnico de data 29/07/2021 e xurídico de 10/08/2021 que se xuntan a efectos de motivación.

**2.- Advertir** ao solicitante que non poderá dar comezo as obras ata que sexa aprobado o proxecto de execución.

**RÉXIME DE RECURSOS-**. Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, pode interpoñer alternativamente recurso de reposición potestativo ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas; ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpoñer vostede calquera outro recurso ou acción que estime procedente.

**Condicións Xerais:**

1.- Conforme ao disposto no artigo 145 da Lei 2/2016, 10 de febreiro, do Solo de Galicia, o prazo de iniciación das obras é de 6 meses contados a partir do día seguinte ó que se reciba o presente documento, non podendo interromperse por tempo posterior a seis meses.

Ase mesmo, o prazo de terminación das obras é de tres anos contados do mesmo xeito que o sinalado no parágrafo anterior.

A administración poderá conceder prórrogas dos referidos prazos, previa solicitude expresa, sempre que a licenza fose conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga non poderá concederse por prazo superior ao inicialmente acordado.

A caducidade da licenza será declarada pola Administración municipal previa tramitación dun procedemento con audiencia ao interesado.



2.- Rematadas as obras e dentro dos oito días seguintes, porao por escrito en coñecemento do Concello, previa retirada das madeiras, estadas e materiais sobrantes para deixar expedito o paso e limpa a rúa, que deberá repoñerse o seu estado anterior ás obras, substituindo o pavimento deteriorado ou que fose removido.

3.- O Alcalde, por si ou por medio dos técnicos municipais ou da Inspección Municipal de Obras, poderá visitar as obras cando o considere convinte co fin de recoñecer o seu estado de construción e comprobar o cumprimento das condicións en que se concedeu esta licenza.

4.- Durante a execución das obras deberanse observar as seguintes prescricións:

En toda obra de nova planta ou de reforma é preceptiva a colocación de valo a unha altura mínima de 2,00 metros sendo a distancia ao bordo de 1,00 metro nas beirarrúas que teñan 2 ou máis e de 0,60 nas de menos. Se a rúa non ten beirarrúa, o valo colocarse á aliñación do edificio. Nos sitios onde exista beirarrúa de pedra, executarase a fábrica de ladrillo sobre un apoio ou zócolo non adherido ao pavimento, de xeito que poida demolerse o valo sen dano para a baldosa. A construción poderá ser de ladrillo revestido e branquexado, ou pranchas metálicas entrevigadas. Non se autorizan valos de madeira, aglomerado de madeira, canizos, arpilleiras, etc.

Para o acceso á obra, colocaranse portas de madeira ou metálicas, que abrirán cara a dentro.

Unha vez salvada a planta baixa, será obrigatoria a retirada do valo de protección, debendo substituírse por outra aérea voada, construída de xeito que impida a caída de obxectos á rúa. O seu saínte será o ancho da beirarrúa cun máximo de 2 metros e a súa fronte e costados terán unha altura mínima de dous metros. En cada unha das plantas haberá de colocarse unha rede protectora.

Queda prohibido depositar materiais fóra do valo de protección. A responsabilidade polo incumprimento da obriga a que se refire este apartado esixirase ao contratista das obras e subsidiariamente ao propietario, caso de ser distinto daquel.

Para a carga, descarga, depósito e labrado de materiais e extracción de entullos, aterase ás disposicións das Ordenanzas e da autoridade municipal.

Deberá darse cumprimento ó contemplado no Decreto 352/2002 de 5 de decembro polo que se regula a produción de residuos de construción e demolición, debendo o produtor de residuos contar coa preceptiva autorización da Consellería de Medio Ambiente.

**4.- Don CASTO BUJÁN RODRÍGUEZ.- Licenza urbanística de segregación o certificación de innecesiedade de licenza de segregación de parcela sita na rúa Irixo, 6 de Ourense.- Expte. Sección de Licenzas Urbanísticas 2021029095**

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (5 votos a favor), acordou:

**1.- Declarar** a innecesiedade de licenza de segregación da parcela situada na rúa Irixo, nº 6, de Ourense; tendo en conta que xa a ten concedida en virtude de escritura pública de compravenda outorgada o 3 de agosto de 1965 polo Ilmo. Notario don Roberto Martínez Martínez, ano 1965, nº 182 do seu protocolo.

**2.-** Este acordo adóptase en base ós informes do arquitecto municipal de data 12/08/2021 e da Tax de 13/08/2021, que se unen ao mesmo a efectos de fundamentación.

**RÉXIME DE RECURSOS-** Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, pode interpoñer alternativamente recurso de reposición potestativo ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das





Administracións Públicas; ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpoñer vostede calquera outro recurso ou acción que estime procedente.

**5.- COMUNIDADE DE PROPIETARIOS AVDA. ALFONSO RODRÍGUEZ CASTELAO, 16.- Licenza urbanística para proxecto básico e de execución de cambio de cuberta no edificio sito na Avda. Alfonso Rodríguez Castelao, 16.- Expte. Sección de Licenzas Urbanísticas 2021030470**

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (5 votos a favor), acordou:

**1.- Conceder** á “Comunidade de Propietarios Avda. Alfonso Rodríguez Castelao N.º 16”, licenza urbanística de obra para proxecto básico e de execución de substitución de cuberta en edificio sito na Avenida Alfonso Rodríguez Castelao número 16, consonte ó proxecto básico e de execución redactado polos arquitectos don Daniel López Ben e don Pablo Noya Suárez, quenes asumen a dirección facultativa das obras, asumindo a dirección técnica das obras e a coordinación durante a execución das mesmas o arquitecto técnico don Juan Fernández Duran, e cun orzamento de execución material de 15.654,37 Euros.

**2.- Requerir** ó solicitante para que unha vez rematadas as obras achegue certificado final de obra de técnico competente no que conste que as obras están completamente rematadas e axustadas á licenza outorgada, e se comunique a data a partir da cal poderá xirarse visita de comprobación por tódolos técnicos municipais ou sectoriais que informaron o proxecto.

O presente acordo tómase en base ós informes do Arquitecto Municipal de data 26 de xullo do 2021 e ó informe xurídico de data 16 de agosto do 2021, que trasladarase ós interesados ós efectos de motivación.

**Réxime de recursos:** Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, pode interpoñer alternativamente recurso de reposición potestativo ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas; ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpoñer vostede calquera outro recurso ou acción que estime procedente.

**Condicións xerais:**

1.- Conforme ao disposto no artigo 145 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, o prazo de iniciación das obras é de 6 meses contados a partir do día seguinte do que se reciba o



presente documento e despois de comezadas as obras non poderán suspenderse por un período superior a seis meses (salvo resolución xudicial).

Asi mesmo, o prazo de terminación das obras é de tres anos contados do mesmo xeito que o sinalado no parágrafo anterior.

A administración poderá conceder prórrogas dos referidos prazos, previa solicitude expresa, sempre que a licenza fose conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga non poderá concederse por prazo superior ao inicialmente acordado.

A caducidade da licenza será declarada pola Administración municipal previa tramitación dun procedemento con audiencia ao interesado.

2.- Rematadas as obras e dentro dos oito días seguintes, porao por escrito en coñecemento do Concello, previa retirada das madeiras, estadas e materiais sobrantes para deixar expedito o paso e limpa a rúa, que deberá repoñerse o seu estado anterior ás obras, substituindo o pavimento deteriorado ou que fose removido.

3.- O Alcalde, por si ou por medio dos técnicos municipais ou da Inspección Municipal de Obras, poderá visitar as obras cando o considere convinte co fin de recoñecer o seu estado de construción e comprobar o cumprimento das condicións en que se concedeu esta licenza.

4.- Durante a execución das obras deberanse observar as seguintes prescricións:

En toda obra de nova planta ou de reforma é preceptiva a colocación de valo a unha altura mínima de 2,00 metros, sendo a distancia ao bordo de 1,00 metro nas beirarrúas que teñan 2 ou máis e de 0,60 nas de menos. Se a rúa non ten beirarrúa, a valo colocarase á aliñación do edificio. Nos sitios onde exista beirarrúa de pedra, executarase a fábrica de ladrillo sobre un apoio ou zócolo non adherido ao pavimento, de xeito que poida demolerse o valo sen dano para a baldosa. A construción poderá ser de ladrillo revestido e branquexado, ou pranchas metálicas entrevigadas. Non se autorizan valos de madeira, aglomerado de madeira, canizos, arpilleiras, etc.

Para o acceso á obra, colocaranse portas de madeira ou metálicas, que abrirán cara a dentro.

Unha vez salvada a planta baixa, será obrigatoria a retirada do valo de protección, debendo substituírse por outra aérea voada, construída de xeito que impida a caída de obxectos á rúa. O seu saínte será o ancho da beirarrúa cun máximo de 2 metros e a súa fronte e costados terán unha altura mínima de dous metros. En cada unha das plantas haberá de colocarse unha rede protectora.

Queda prohibido depositar materiais fóra do valo de protección. A responsabilidade polo incumprimento da obriga a que se refire este apartado esixirase ao contratista das obras e subsidiariamente ao propietario, caso de ser distinto daquel.

Para a carga, descarga, depósito e labrado de materiais e extracción de entullos, aterase ás disposicións das Ordenanzas e da autoridade municipal.

Deberá darse cumprimento ó contemplado no Decreto 352/2002 de 5 de decembro polo que se regula a produción de residuos de construción e demolición, debendo o produtor de residuos contar coa preceptiva autorización da Consellería de Medio Ambiente.

**6.- VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO DA XUNTA DE GALICIA.- Licenza urbanística de obra para proxecto básico e de execución para instalación de ascensor en edificio administrativo sito na Avda. da Habana, 79.- Expte. Sección de Licenzas Urbanísticas 2021032166**



A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (5 votos a favor), acordou:

**1.- Conceder** á Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo da Xunta de Galicia, representada pola sociedade "General de Elevadores XXI, S.L.", licenza urbanística de obra para proxecto básico e de execución para instalación de ascensor en edificio administrativo sito na Avenida da Habana número 79, en solo urbano consolidado, segundo ó proxecto redactado pola arquitecta dona Laura Barja Regueira, quen asume a dirección facultativa das obras e a coordinación en materia de seguridade e saúde, cun orzamento de execución material de 28.493,56 euros.

**2.- Requerir** ó solicitante para que unha vez rematadas as obras achegue certificado final de obra de técnico competente no que conste que as obras están completamente rematadas e axustadas á licenza outorgada, e comuníquese a data a partir da cal poderá xirarse visita de comprobación por tódos os técnicos municipais ou sectoriais que informaron o proxecto.

Os presentes acordos tómanse en base ó informe técnico do Arquitecto Municipal de data 10 de agosto do 2021 e ó informe xurídico de data 17 de agosto do 2021, que forman parte desta resolución, os cales trasladaranse ós interesados ós efectos de motivación.

**Réxime de recursos:** Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, pode interpoñer alternativamente recurso de reposición potestativo ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas; ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpoñer vostede calquera outro recurso ou acción que estime procedente.

#### **Condicións Xerais:**

1.- Conforme ao disposto no artigo 145 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, o prazo de iniciación das obras é de 6 meses contados a partir do día seguinte do que se reciba o presente documento e despois de comezadas as obras non poderán suspenderse por un período superior a seis meses (salvo resolución xudicial).

Así mesmo, o prazo de terminación das obras é de tres anos contados do mesmo xeito que o sinalado no parágrafo anterior.

A administración poderá conceder prórrogas dos referidos prazos, previa solicitude expresa, sempre que a licenza fose conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga non poderá concederse por prazo superior ao inicialmente acordado.

A caducidade da licenza será declarada pola Administración municipal previa tramitación dun procedemento con audiencia ao interesado.

2.- Rematadas as obras e dentro dos oito días seguintes, porao por escrito en coñecemento do Concello, previa retirada das madeiras, estadas e materiais sobrantes para deixar expedito o paso



e limpa a rúa, que deberá repoñerse o seu estado anterior ás obras, substituindo o pavimento deteriorado ou que fose removido.

3.- O Alcalde, por si ou por medio dos técnicos municipais ou da Inspección Municipal de Obras, poderá visitar as obras cando o considere convinte co fin de recoñecer o seu estado de construción e comprobar o cumprimento das condicións en que se concedeu esta licenza.

4.- Durante a execución das obras deberanse observar as seguintes prescricións:

En toda obra de nova planta ou de reforma é preceptiva a colocación de valo a unha altura mínima de 2,00 metros sendo a distancia ao bordo de 1,00 metro nas beirarrúas que teñan 2 ou máis e de 0,60 nas de menos. Se a rúa non ten beirarrúa, o valo colocarse á aliñación do edificio. Nos sitios onde exista beirarrúa de pedra, executarase a fábrica de ladrillo sobre un apoio ou zócolo non adherido ao pavimento, de xeito que poida demolerse o valo sen dano para a baldosa. A construción poderá ser de ladrillo revestido e branquexado, ou pranchas metálicas entrevigadas. Non se autorizan valos de madeira, aglomerado de madeira, canizos, arpilleiras, etc.

Para o acceso á obra, colocaranse portas de madeira ou metálicas, que abrirán cara a dentro.

Unha vez salvada a planta baixa, será obrigatoria a retirada do valo de protección, debendo substituírse por outra aérea voada, construída de xeito que impida a caída de obxectos á rúa. O seu saínte será o ancho da beirarrúa cun máximo de 2 metros e a súa fronte e costados terán unha altura mínima de dous metros. En cada unha das plantas haberá de colocarse unha rede protectora.

Queda prohibido depositar materiais fóra do valo de protección. A responsabilidade polo incumprimento da obriga a que se refire este apartado esixirase ao contratista das obras e subsidiariamente ao propietario, caso de ser distinto daquel.

Para a carga, descarga, depósito e labrado de materiais e extracción de entullos, aterase ás disposicións das Ordenanzas e da autoridade municipal.

En especial cumprase coa vixente Ordenanza Municipal de limpeza de terreos e solares e de protección contra incendios forestais.

Deberá darse cumprimento ó contemplado no Decreto 174/2005, de 9 de xuño, polo que se regula a produción e xestión de residuos de construción e demolición, debendo o produtor de residuos contar coa preceptiva autorización da Consellería de Medio Ambiente.

## **SERVIZO DE PLANEAMENTO, XESTIÓN URBANÍSTICA E PATRIMONIO**

### **PATRIMONIO**

#### **7.- Reclamación de responsabilidade patrimonial polas lesións sufridas como consecuencia dunha caída na rúa Río Mao.-Expediente de Responsabilidade Patrimonial 2020008114**

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (5 votos a favor), acordou:

**1.- Desestimar** a reclamación de responsabilidade patrimonial presentada por dona María del Carmen Doforno Iglesias, polas lesións sufridas como consecuencia dunha caída nun paso peonil da zona axardinada da beirarrúa esquerda da rúa Río Mao, o día 16 de abril de 2019, por non concorrer os requisitos legais que dan dereito a unha indemnización.

**2.- Suspender** o prazo para resolver o procedemento ao abeiro do artigo 22.1 d) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, ata que se emita o preceptivo ditame do Consello Consultivo de Galicia.







**Réxime de recursos:** Este acto é de mero trámite, non decide directa ni indirectamente o fondo do asunto, non determina a imposibilidade de continuar o procedemento, nin produce indefensión nin prexuízo irreparable a dereitos ou intereses lexítimos polo que non cabe recurso, podendo os interesados alegar o que teñan por conveniente para a súa consideración na resolución que poña fin ao procedemento, segundo o disposto no artigo 112.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

**8.- Reclamación de responsabilidade patrimonial polos danos causados no muro de peche dunha finca en Vilar de Astrés. Reclamación de responsabilidade patrimonial polos danos causados no muro de peche dunha finca en Vilar de Astrés. Expte. 2014008663.**

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (5 votos a favor), acordou:

**1.- Arquivar** o expediente de reclamación de responsabilidade patrimonial presentada por don Juan José Álvarez Diéguez, polos danos causados no muro de peche da vivenda situada en Lugar do Monte, núm. 16, en Vilar de Astrés, en maio de 2014, por ECOURENSE UTE, cando realizaba traballos de roza, por ter sido reparado pola concesionaria do servizo de limpeza.

**2.- Notificarlle** a don Juan José Álvarez Diéguez, a ECOURENSE UTE e aos demais interesados, o informe xurídico de data 13 de agosto de 2021 para os efectos de motivación.

**Réxime de recursos:** Este acto pon fin á vía administrativa e contra el poderá interpoñerse, con carácter potestativo, recurso de reposición ante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes, contado desde o día seguinte a aquel en que se notifique segundo o establecido nos artigos 52 da Lei de 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así mesmo, contra este acto poderá presentarse directamente recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do contencioso administrativo de Ourense no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte a aquel que se notifique de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

No caso de interpoñer recurso de reposición non poderá impugnarse o acto ante a xurisdición contencioso-administrativa ata que se resolva o recurso expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio administrativo.

**9.- Reclamación de responsabilidade patrimonial polos danos ocasionados nun vehículo na rúa do Hórreo a causa dunha focha. Recurso Reposición.- Expediente de Responsabilidade Patrimonial 2020045773**

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (5 votos a favor), acordou:

**1.- Inadmitir** o recurso de reposición presentdo por don Daniel Muñoz Ruiz, que manifesta actuar en representación de Patricia María Ulloa Pinto-Novo, contra o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local do 10 de xuño de 2020, no que resolveu consideralo desistido da reclamación de responsabilidade patrimonial presentada polos danos ocasionados no vehículo marca AUDI, modelo Sportback, con matrícula 7284LGD, cando circulaba pola rúa do Hórreo o día 1 de xuño de



2020, a causa dunha focha, por non estar acreditada a súa representación e non emendar a solicitude no prazo legalmente conferido e archivar o expediente.

**2.- Notificarlle** a don Daniel Muñoz Ruiz o informe xurídico de data 9 de agosto de 2021 para os efectos de motivación.

**Réxime de recursos:** Contra este acto poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do contencioso administrativo de Ourense no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte a aquel que se notifique de conformidade co establecido nos artigos 52 da Lei de 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

**10.- Reclamación de responsabilidade patrimonial polas lesións sufridas como consecuencia dunha caída na rúa da Unión. Dona Bibian González González.- Expediente de Responsabilidade Patrimonial 2020008204**

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (5 votos a favor), acordou:

**1.- Desestimar** a reclamación de responsabilidade patrimonial presentada por dona Bibian González González, polas lesións e prexuízos sufridos como consecuencia dunha caída na rúa da Unión, o día 27 de febreiro de 2019, por non concorrer os requisitos legais que xustifican o dereito a unha indemnización.

**2.- Suspender** o prazo para resolver o procedemento ao abeiro do artigo 22.1 d) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, ata que se emita o preceptivo ditame do Consello Consultivo de Galicia.

**Réxime de recursos:** Este acto é de mero trámite, non decide directa ni indirectamente o fondo do asunto, non determina a imposibilidade de continuar o procedemento, nin produce indefensión nin prexuízo irreparable a dereitos ou intereses lexítimos, polo que non cabe recurso, podendo os interesados alegar o que teñan por conveniente para a súa consideración na resolución que poña fin ao procedemento, segundo o disposto no artigo 112.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

**11.- Darse por enterada** da información do Sr. Alcalde e Concelleiros de Área con Delegación, sobre resolucións adoptadas ata a data:

- Dáse conta expresamente do Decreto de Alcaldía núm. 2021006120, de delegación temporal das funcións da área de Medio Ambiente, na concelleira, dona Ana María Fernández Morenza.

E non habendo máis asuntos que tratar, o Excmo. Sr Alcalde-Presidente, levantou a sesión ás oito horas e corenta minutos (08h:40'), do que como Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local dou fe.

